



A Biblioteca Filolóxica Galega presenta en Vigo as súas catro novas obras

LINGUA ► As publicacións abordan temas tan diversos como os usos verbais, a onomástica ou a lírica trobadoresca

E. PRESS • VIGO

A Fundación Pedro Barrié de la Maza e o Instituto da Lingua Galega (ILG) presentaron onte na cidade de Vigo catro novas obras da Biblioteca Filolóxica Galega, unha serie editorial que conta con case unha vintena de títulos e que a converte na "máis estable e relevante" da comunidade, dentro deste ámbito de estudo.

Os libros, presentados onte en Vigo polo director xeral da Fundación Barrié, Javier López; pola directora do Instituto da Lingua Galega, Rosario Pérez, e polos catro autores abranguen ámbitos como o uso das palabras, a onomástica ou a lírica trobadoresca, entre outras.

Unha das obras, *O Galego fundamental. Diccionario de frecuencias* de uso de palabras da lingua galega. Así, coa axuda de programas informáticos e de métodos estatísticos, a autora, María Xesús Bugarín López, analiza un amplo corpus textual e establece as porcentaxes de uso do léxico galego.

'Callalca nomea'

Por outra banda, tamén se presentou o libro de Juan José Moralejo Álvarez, *Callaica nomea. Estudos de onomástica galega* que se ocupa da onomástica ao longo da historia, e mesmo da prehistoria.

Deste modo, analízase este aspecto como testemuño da sociedade, as linguas e as culturas ao longo do tempo. *Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*, é un intenso estudo da Galicia de principios do XIII, co nacemento da lírica trobadoresca e os primeiros documentos escritos en galego. O seu autor é Xosé Henrique Monteagudo, actual secretario do Consello da Cultura Galega.

Finalmente, *Poesía completa de Antolín Santos Mediante*, de Xoán Babarro, reúne por primeira vez a extensa produción dispersa deste autor das terras do Eo-Navia.

A Biblioteca Filolóxica Galega, dirixida polo filólogo Antón Santamarina e xurdida a finais dos anos noventa do pasado século a raíz dun convenio entre a Fundación Barrié de la Maza e o Instituto da Lingua Galega, ten o obxectivo de trasladar á sociedade obras relevantes de investigación filolóxica que contribúan ao avance do coñecemento sobre o galego.